

CAMELIAS PARA LUZ

Luz Pozo Garza está de actualidade por dobre motivo: a antoloxía que vén de editar o Pen Clube: *Historias fidelísimas (Poesía selecta 1952-2003)* e a nova versión que ofrece do mito clásico de *Medea en Corinto*. Nesta última, atopámonos cunha Medea que, en diálogo coa Nodriz, vai desvelando os sentimentos dunha “muller trasterrada, enganada, ferida, sobre todo inmensamente namorada” -en palabras de Andrés Pociña e Aurora López- que subverte as normas, chegando a consumir a súa vinganza contra o esposo que a repudia matando ós fillos. Mais, erguendo a daga contra os nenos, Medea busca preservalos manténdooos na inocencia dun amor materno inmarcesible e dirixe contra si mesma a dor, consuma o prohibido pois, en clara intertextualidade con Rosalía, exclama: “*Que eu non son daquelas que cantan as flores e as pombas/ Das que se resignan ante o desamor/ E rezan e consumen bágoas sobre a almofada./ ¡Non! ¡Eu son Medea!*”. Palabras de autoafirmación daquela que mira de fronte o destino adverso e se revolta contra o abandono do ser por quen “*cometín a traición de lesa patria/ Cuio castigo arrastro e nos devora. Ti fuches a ocasión/ Eu o instrumento. Ámbolos dous culpables por designio/ Dos deuses. E hai unha diferenza insoslaible/ Eu funche sempre fiel. Ti Xasón un perxuro*”. Medea, vai graduando a carga dramática dos seus monólogos que culminan no parlamento final cando, indefensa fronte á furia de Xasón, obriga ó príncipe a asistir ó asasinato dos fillos mentres berra: “*Con esta espada cruel de dobre folla / firo con saña porque a ti te firo// O impulso é teu e meu o sacrificio: / Ferímonos os dous nas súas febles carnes// ¡Sinto moi dentro a dor de ser fecunda!/ ¡Quixera ser infértil. Non ter vínculos!*”, palabras que dirixe, antes que contra o esposo infiel, contra si mesma para aniquilarse na dor de matar ós fillos negando a potencia creadora do seu corpo que, a partir deste crime, xa non terá sentido algún. Deste xeito, Medea súmase ás heroínas tráxicas de infausto destino, ás que consumaron a vinganza fronte ás agresións da vida. Nomes como os de Ifigenia, Electra, Antígona, que conforman o mito.

Pola súa parte, as *Historias fidelísimas* escolman cincuenta e cinco anos de poesía en galego que, co introito dun “Tránsito íntimo por Luz Pozo Garza”, obra da estudiosa Carmen Blanco -que xa amosara un profundo coñecemento desta autora no seu estudio *Luz Pozo Garza: a ave do Norte* (2002)-, nos permiten percorrer as diferentes etapas creativas desta voz esencial para as nosas letras que se deu a coñecer con *Ánfora* en 1949. Coa sucesión das obras, a biografía literaria de Luz Pozo Garza foise completando con amizades e premios e chegou ó culmen coa súa entrada na Real Academia Galega onde desempeñou mesmo un cargo directivo. Con todo, a

partir de 1996, ano en que dá ó prelo a *Vida secreta de Rosalía* que tan reveladora se nos presentaba por entón, non volveremos contar cun poemario completo da súa autoría e por iso a inclusión na antoloxía dos inéditos que conforman o ciclo *Iwerddon. Poemas gaélicos (1997-2003)* é moi relevante. Trátase de catro poemas de ambientación irlandesa -en todos eles aparece a referencia toponímica a Dublín-, onde a voz poética percorre espazos novos desde a intensa evocación dos xa vividos (Castrelos sempre vinculado a Eduardo Moreiras ou Compostela, a patria lonxana). “*Estase a escribir a vida nunha páxina nova*”, afirma nun deles, como signo de mudanzas nun verso que se afana na súa esencialidade para evocarnos múltiples ecos abrindo, a un tempo, as portas dun mundo mítico e simbólico onde conviven referencias propias e alleas. É por iso que “*ando fóra do tempo / atraveso un xardín que non está no mapa*”, o mesmo a onde nós chegamos guiados polo verso intemporal de Luz Pozo Garza que leva sempre na boca a camelia florecida dos elixidos.

TERESA SEARA

Tempos Novos, 82, Marzo 2004, p.74

